

Maio 2005	Valor módulo €/hora presenza física	Valor módulo €/hora localizada
Persoal facultativo de urxencias extrahospitalarias	14,63	7,32
Diplomados en enfermaría de urxencias extrahospitalarias	10,84	5,41

Debe dicir:

Maio 2005	Valor módulo €/hora presenza física	Valor módulo €/hora localizada
Persoal facultativo de urxencias	14,63	7,31
Diplomados en enfermaría de urxencias extrahospitalarias	10,84	5,41

Na páxina 9.542, artículo sexto, punto 2.3. Condições e efectos, nas táboas primeira, segunda e terceira, onde di:

Módulo adicional día especial 2004	Presenza física 17 horas	Presenza física 24 horas	Localizada 17 horas	Localizada 24 horas
Persoal facultativo de atención especializada	210,46 €	297,12 €	105,23 €	148,56 €

Módulo adicional xaneiro 2005	Presenza física 17 horas	Presenza física 24 horas	Localizada 17 horas	Localizada 24 horas
Persoal facultativo de atención especializada	214,71€	303,12€	107,44€	151,68€

Módulo adicional decembro 2005	Presenza física 17 horas	Presenza física 24 horas	Localizada 17 horas	Localizada 24 horas
Persoal facultativo de atención especializada	248,71	351,12	124,44	175,68

Debe dicir:

Módulo adicional día especial 2004	Presenza física 17 horas	Presenza física 24 horas	Localizada 17 horas	Localizada 24 horas
Persoal facultativo de atención especializada	210,53€	297,23€	105,25€	148,60€

Módulo adicional xaneiro 2005	Presenza física 17 horas	Presenza física 24 horas	Localizada 17 horas	Localizada 24 horas
Persoal facultativo de atención especializada	214,74€	303,17€	107,36€	151,57€

Módulo adicional decembro 2005	Presenza física 17 horas	Presenza física 24 horas	Localizada 17 horas	Localizada 24 horas
Persoal facultativo de atención especializada	248,74	351,17	124,36	175,57

Na páxina 9.543, táboas primeira e segunda, onde di:

Módulo adicional hora xaneiro 2005	Valor módulo €/hora presenza física	Valor módulo €/hora localizada
Persoal facultativo de urxencias extrahospitalarias	12,63	6,32
Diplomados en enfermaría de urxencias extrahospitalarias	8,84	4,41

Módulo adicional hora decembro 2005	Valor módulo €/hora presenza física	Valor módulo €/hora localizada
Persoal facultativo de urxencias extrahospitalarias	14,63	7,32
Diplomados en enfermaría de urxencias extrahospitalarias	10,84	5,41

Debe dicir:

Módulo adicional hora xaneiro 2005	Valor módulo €/hora presenza física	Valor módulo €/hora localizada
Persoal facultativo de urxencias extrahospitalarias	12,63	6,31
Diplomados en enfermaría de urxencias extrahospitalarias	8,84	4,41

Módulo adicional hora decembro 2005	Valor módulo €/hora presenza física	Valor módulo €/hora localizada
Persoal facultativo de urxencias extrahospitalarias	14,63	7,31
Diplomados en enfermaría de urxencias extrahospitalarias	10,84	5,41

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

Resolución do 27 de xuño de 2005, da Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se convoca un curso de formación de formadores/as.

A pesca como sector reúne un amplo abano de actividades económicas, que van desde aquelas simplemente extractivas de recursos mariños a aque-

loultras que prestan servizos a estas en calquera dos chanzos do proceso que leva os produtos pesqueiros desde o mar ao consumidor.

Aínda que a pesca extractiva é a columna vertebral do sector, non é menos certo que é dependente deste conxunto de servizos e que calquera mellora da pesca pasa por un proceso de mellora nestoutras actividades.

Unha gran parte destes servizos son prestados por traballadores/as autónomos/as que con dedicación total ou parcial veñen realizando unhas funcións imprescindibles para o mantemento da capacidade produtiva do noso sector pesqueiro, singularmente no campo da reparación de redes.

Dada a demanda existente no sector das redes de participación en cursos de formación de profesionais dedicados/as á montaxe, reparación e mantemento das redes e aparellos de pesca resulta necesario ampliar o número de profesores/as habilitados/as para impartir estes cursos.

Visto que este tipo de formación require para a súa impartición dispoñer das especialidades que demanden os seus contidos e que serían fundamentalmente para cubrir as áreas relacionadas con metodoloxía didáctica, planificación e programación das actividades formativas, habilidades sociais, montaxe das artes de pesca e igualdade de xénero.

Por todo o exposto

DISPOÑO:

Primeiro.-Obxecto.

Convocar un curso de formación de formadores/as que capacite para a impartición dos cursos para a montaxe, reparación e mantemento das artes e aparellos de pesca, organizados pola Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro.

Segundo.-Destinatarios/as.

Serán destinatarios/as os/as profesionais na montaxe, reparación e mantemento de redes e aparellos de pesca interesados/as que estean en activo nesta actividade.

Terceiro.-Organización.

a) O número de prazas máximo admisible será de 20 formandos.

b) O curso impartirase de xeito presencial, tres días á semana cunha duración diaria de 8 horas.

c) A duración do curso será de 120 horas, distribuídas nos seguintes módulos:

1. Metodoloxía didáctica: 24 horas.

2. A planificación e programación das actividades formativas: 10 horas.

3. Habilidades sociais: 20 horas.

4. Artes e aparellos de pesca: 4 horas.

5. A montaxe das artes de pesca: 54 horas.

6. Igualdade de xénero: 8 horas.

d) O curso terá lugar na Aixola-Centro de Formación. Porto pesqueiro, s/n, 36900 Marín (Pontevedra). Tfno.: 986 83 80 33.

e) O inicio do curso será no cuarto trimestre do ano 2005 e o prazo máximo para impartilo é de dous meses.

A asistencia ás sesións do curso será en todo caso obrigatoria. Toda ausencia deberá ser xustificada debidamente polo/a interesado/a. A falta de asistencia, aínda que sexa xustificada, a máis do 10% das horas lectivas programadas, impedirá a obtención do certificado de aptitude a que se refire o artigo 7 e dará lugar a baixa no curso coa perda de todos os dereitos.

A Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro poderá modificar o desenvolvemento e mais os contidos do curso anunciados co fin de adaptalos ás necesidades da Administración, así como ás distintas continxencias que poidan xurdir.

Cuarto.-Requisitos obrigatorios.

Os/as interesados/as deberán demostrar a súa actividade como profesional na montaxe, reparación e mantemento de redes e aparellos de pesca. Para isto, os/as aspirantes deberán presentar:

1. Fotocopia compulsada da declaración do imposto da renda das persoas físicas onde consten os ingresos obtidos nesta actividade en 2004.

2. Documento acreditativo do pagamento das cotas da Seguridade Social durante o ano 2005.

3. Declaración responsable subscripta polo/a interesado/a de non ter realizado con anterioridade cursos de formación que o habilite para a impartición de cursos para a montaxe, reparación e mantemento das artes e aparellos de pesca.

Quinto.-Selección de aspirantes.

En vista do curriculum presentado por cada aspirante, a Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro realizará unha selección deles. O baremo que se empregará basearase nos seguintes criterios:

1. Cursos organizados polas administracións públicas relacionados coa montaxe, reparación e mantemento de aparellos de pesca, ata un máximo de 5 puntos. Deberá xuntarse fotocopia compulsada dos títulos para a súa acreditación.

- 1.1. Por cada curso realizado de duración inferior a 100 horas: 1 punto.
 - 1.2. Por cada curso realizado de duración igual ou superior a 100 horas: 1,5 puntos.
 2. Cursos organizados polas administracións públicas relacionados co sector pesqueiro, habilidades sociais, novas tecnoloxías e recursos humanos, ata un máximo de 2 puntos. Deberá xuntarse fotocopia compulsada dos títulos para a súa acreditación.
 - 2.1. Por cada curso realizado de duración inferior a 100 horas: 0,25 puntos.
 - 2.2. Por cada curso realizado de duración igual ou superior a 100 horas: 0,5 puntos.
 3. Experiencia docente en formación de adultos na montaxe, reparación e mantemento de redes e aparellos de pesca, ata un máximo de 5 puntos. Deberá xuntarse orixinal ou fotocopia compulsada do documento que acredite tal circunstancia.
 - 3.1. Por cada curso impartido de duración inferior a 100 horas: 0,5 puntos.
 - 3.2. Por cada curso impartido de duración igual ou superior a 100 horas: 1 punto.
 4. Ser socio/a dalgunha das asociacións profesionais de redeiros/as constituídas no ámbito territorial da Comunidade Autónoma galega: 5 puntos. Deberá xuntarse orixinal ou fotocopia compulsada do documento que acredite tal circunstancia.
 5. Experiencia laboral na montaxe, reparación e mantemento de redes e aparellos de pesca ata un máximo de 5 puntos. Para a acreditación da situación laboral será necesaria a presentación dun certificado oficial da vida laboral expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social.
 - 5.1. Por cada período de tres meses en activo nos últimos cinco anos: 0,25 puntos.
 6. Proba práctica, ata un máximo de 10 puntos, onde se valorará o seguinte:
 - 6.1. Coñecemento das diferentes artes e aparellos de pesca.
 - 6.2. Destreza no desenvolvemento na reparación de artes e aparellos de pesca.
 7. Entrevista persoal, ata un máximo de 10 puntos.
- A máxima puntuación que poden acadar os/as aspirantes será de 42 puntos.

A lista dos/das aspirantes admitidos farase pública no taboleiro de anuncios da Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro e nos das delegacións territoriais da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos. Contra a citada lista os/as interesa-

dos/as poderán interpoñer reclamacións no prazo de dez (10) días naturais ante a Directora Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro.

Transcurrido este prazo e examinadas as reclamacións, elaborárase a lista definitiva de admitidos/as que será exposta nos lugares sinalados no punto anterior.

Contra a resolución definitiva cabe recurso de alzada ante o conselleiro de Pesca e Asuntos Marítimos segundo o disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Sexto.-Presentación de solicitudes.

Os/as interesados/as en participar no curso deberán presentar a solicitude que se publica como anexo nesta resolución, debidamente cuberta e dirixida á directora xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro no rexistro xeral da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, nos rexistros das delegacións territoriais da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos ou en calquera das dependencias recollidas no artigo 30.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Xuntaráse á solicitude fotocopia cotexada do DNI así como dos títulos profesionais, requisitos obrigatorios e demais documentos que xustifiquen os méritos alegados na solicitude.

Os méritos que non se acrediten debidamente non se valorarán no proceso de selección. Para a acreditación da situación laboral será necesaria a presentación dun certificado oficial da vida laboral expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días (20) naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución.

Sétimo.-Certificados de aptitude.

Ao remate do curso expedirase un certificado de aptitude a aqueles/as participantes que superasen con aproveitamento o curso de acordo coa avaliación do equipo de profesores. O dito certificado terá validez ante a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos como documento acreditativo da habilitación para impartir cursos para a montaxe, reparación e mantemento de redes e aparellos de pesca, organizados pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2005.

Rosa Mª Quintana Carballo
Directora xeral de Innovación
e Desenvolvemento Pesqueiro

ANEXO



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PESCA
E ASUNTOS MARÍTIMOS

PROCEDEMENTO <i>SOLICITUDE ADMISIÓN CURSO DE FORMACIÓN DE FORMADORES/AS</i>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <i>PE615B</i>	DOCUMENTO <i>SOLICITUDE</i>
--	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

APELIDOS E NOME		DNI	
ENDEREZO			
LOCALIDADE	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELEFONO

TITULACIÓNS

TÍTULOS	DATA DE OBTENCIÓN

CURSOS DE INTERESE

DENOMINACIÓN OU TITULACIÓN	Nº DE HORAS	ENTIDADE ORGANIZADORA

EXPERIENCIA DOCENTE

CURSOS IMPARTIDOS	ANO	ENTIDADE CONTRATANTE

EXPERIENCIA PROFESIONAL

ACTIVIDADE, CARGO	EMPRESA CONTRATANTE	DATA INICIO	DATA REMATE

SOLICITO: ser admitido como alumno participante no curso de formación de formadores convocado por Resolución do 27 de xuño de 2005, da Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro.

OBSERVACIÓNS:

LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 27 de xuño de 2005, da Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se convoca un curso de formación de formadores/as.

SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

de de

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAÍDA

Directora xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Instrución técnica ITR/03.0/05, do 27 de xuño de 2005, da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, pola que se aproba a creación da Bolsa de Subprodutos de Galicia.

Xustificación da creación da Bolsa de Subprodutos.

A Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental ten atribuídas, entre outras, as funcións en materia de avaliación e control da incidencia que sobre o ambiente provoque a actividade humana e o fomento de sistemas e estratexias de corrección da dita incidencia, para o logro da adecuada protección ambiental.

No proceso de produción, transformación ou consumo de bens e servizos, prodúcense materiais, obxectos ou substancias que poden ser empregados de forma directa como substitutos dunha materia prima ou dun produto noutro proceso produtivo, e non teñen a cualificación de residuos, estando fóra das normas que os regulan. Estes materiais denomínanse subprodutos.

A utilización destes materiais para a produción de novos bens é unha boa práctica ambiental ao reducir o uso de materias primas e reducir os residuos evitando a súa produción. O uso destes non ten que estar suxeito a máis requisitos que os xerais exixidos para a utilización doutros materiais das mesmas características, non sendo necesaria unha regulación específica.

Tendo en conta o interese da actividade, faise necesario impulsar o intercambio destes materiais entre as empresas produtoras e as demandantes.

Unha ferramenta que na experiencia doutras comunidades demostrou a súa eficacia é a creación dunha bolsa de subprodutos, entendendo como tal un servizo que facilitará a toma de contacto entre ofertantes e demandantes de subprodutos.

Creación da Bolsa de Subprodutos.

Por todo o anterior procédese á creación da Bolsa de Subprodutos da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia.

Obxectivos.

Os obxectivos da Bolsa de Subprodutos son:

-Potenciar o aproveitamento máximo dos subprodutos.

-Proporcionarlles ás empresas unha ferramenta para reducir gastos e mellorar a competitividade.

Condições de utilización.

Esta bolsa rexerese de acordo coas seguintes normas:

-A utilización dos subprodutos noutro proceso de produción debe realizarse directamente, sen someterse previamente a ningún proceso de valorización.

-Os materiais susceptibles de intercambio son os materiais, obxectos ou substancias sobrantes dun proceso de transformación que non teñan a condición de residuos

-O servizo que se vai prestar consistirá en facilitar a comunicación, utilizando unha ferramenta web (www.bolsuga.org), entre empresas demandantes e ofertantes de subprodutos, sendo gratuito para os usuarios.

Usuarios potenciais.

Poden utilizar a Bolsa de Subprodutos calquera organización ou empresa que xere ou teña que xestionar subprodutos, así como as que puidesen incorporar algún tipo de subproduto como materia prima nos seus procesos de produción.

Requisitos para a súa utilización.

Para poder utilizala, os usuarios procederan a inscribirse na bolsa de acordo cos seguintes requisitos:

1. A inscrición no sistema é un requisito indispensable para acceder aos servizos da Bolsa de Subprodutos. Esta formalízase cubrindo o formulario de inscrición.

2. A inscrición é gratuítas e supón a aceptación das condicións xerais de uso do servizo.

3. A inscrición dá dereito a publicar anuncios na bolsa e a contactar coas empresas anunciantes.

Confidencialidade.

A Bolsa de Subprodutos da Consellería de Medio Ambiente de Galicia proporciona os datos básicos do anuncio e facilita o contacto coas empresas anunciantes. A Consellería de Medio Ambiente de Galicia recibirá unha copia do correo electrónico enviado ao ofertante ou demandante de subprodutos.

A Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia non se fai responsable do estado dos subprodutos anunciados, nin do destino que os anunciantes lles dan a estes, e é sempre responsabilidade do titular a súa xestión e manipulación axeitadas.

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2005.

José Manuel Álvarez-Campana Gallo
Director xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

**CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS,
EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS**

Resolución do 14 de xuño de 2005, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do convenio colectivo da empresa Gas Galicia SDG, S.A.

Visto o texto do convenio colectivo de ámbito autonómico da empresa *Gas Galicia SDG, S.A.*, (código de convenio nº 8200392), que se subscribiu o 31